

Homenaxe a dous cregos

MANUEL ESPÍÑA

TRÁTASE de dous cregos da diocese de Mondoñedo que chegaron a ela coma un regalo do ceo: Victorino Pérez Prieto e Xosé Antón Miguélez. Victorino, nado na provincia de León, chegou a Galicia de rapaz, estudiou bacharelato en Santiago e despois fixo os estudos eclesiásticos en Compostela e Salamanca, onde os rematou coa licenciatura en Teoloxía. Ordenado sacerdote para a diocese de Mondoñedo, exerceu o ministerio en varias parroquias dos concellos lucenses de Pastoriza e Xove.

Desde a súa fundación en 1981 foi director de «Irimia» e colaborador da revista «Encrucillada», ademais de escribir en xornais e noutras revistas. Pero a súa intensa actividade científica e literaria non reduciu o seu labor pastoral. E a súa pastoral foi espléndida, xa que conseguiu facer realidade o que parecía utópico: gratuidade do ministerio, normalización lingüística e consolidación dos consellos parroquiais, ademais do traballo cos mozos e cos nenos da catequese e as xuntanzas de adultos, especialmente cos da Irmandade Obreira de Acción Católica.

Por iso, cando souberon que se trasladaba este ano a Madrid para facer un curso de espiritualidade pradosiana, xurdiu unha comisión para organizarlle unha xornada cultural como recoñecemento da extraordinaria actividade e honrar así ó querido Tori, como amigo, como profesor e escritor e como párroco exemplar e persoa tan humana que ata tiña sempre aberta a casa rectoral, acollendo nela a mendigos e a tódolos necesitados de pan ou de comprensión.

No auditorio municipal de Xove, que me pareceu unha construción máis propia de Norteamérica ca de Galicia, fixéron unha exposición de tódolos seus escritos. Parece mentira que un home de tan só corenta anos e con tantas actividades e compromisos, atopase tempo para tantas publicacións.

«A nova Igrexa galega»

Tamén organizaron unha mesa redonda sobre A nova Igrexa galega, que resultou un extraordinario acto cultural, presentado e moderado pola mestra-escritora Marica Campo, que estivo tan inspirada coma nos seus poemas, pintando a este cura como a un meteorito caído sobre Galicia. O teólogo Torres Queiruga, o sociólogo Daniel López Muñoz e a monxa teóloga Herminia, do

equipo de As Pontes, fixéron unha presentación da nova Igrexa galega con interesantísimas suxerencias e conclusións.

Sentín non poder asistir á cea, porque resultou moi emotiva, sobre todo para este crego que debe ter andado un millón de quilómetros pola nosa terra. Eu quero pregarlle a Deus un premio especial para estes pais casteláns por este grande regalo.

Xosé Antón Miguélez, aunque nado en Galicia, estudiou en Barcelona. Pero, o mesmo ca seus irmáns, sempre pensaron en vir loitar pola transformación da súa terra. Xosé Antón, que xa fixera a tese de licenciatura sobre a Teoloxía da Liberación (publicada en Herder), foi aceptado e ordenado de crego polo bispo monseñor Araújo. E tamén foi destinado a parroquias da montaña e estivo os 19 anos que leva de crego vivindo na parroquia de Romariz, sete en equipo con outro e os doce últimos el só. Agora vai disfrutar dun ano sabático, que pasará en Barcelona facendo o doutorado e máis con algunha obra pastoral.

Ademais de atender a un feixe de parroquias, incluso ultimamente a de Abadín, tamén escribiu moito, sobre todo en «Irimia» e «Encrucillada», con especial dedicación ó tema segaleguidade.

Liberdade de conciencia

Sobre o seu labor nestas parroquias podíase facer un bo libro. Pero a min o que máis me admirou foi o seu absoluto respecto á liberdade de conciencia de todos, igual ca Victorino. Así se explica que nestas parroquias sigan votando maioritariamente polos partidos de dereitas.

Os actos de despedida a Miguélez tiveron que resultar de película pola sinxeleza e naturalidade.

Así, os dunha parroquia que chegaron a unha explotación comunitaria do monte, xuntáronse na montaña para facer un xantar de irmandade con Xosé Antón, despois de celebrar misa sobre unha pedra grande.

En fin, oxalá que dentro dun ano se atopen de novo entre nós. Cantos queremos unha Galicia mellor e unha nova Igrexa galega agardamos por eles como auga de maio. E ¡oxalá! que monseñor Gea Escolano non aborte os estupendos proxectos cos que sen dúbida han voltar estes dous cregos do Prado, que son do mellorciño que temos neste país.